



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Anuncio das bases e da convocatoria da campaña “Ven e proba”

Por Resolución desta Alcaldía aprobáronse as bases e a convocatoria para o outorgamento de autorizacións temporais de ocupación de dominio público no mercado de abastos do Concello de Muros para a temporada estival na campaña denominada “Ven e proba” 2024 e que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS TEMPORAIS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO NO MERCADO DE ABASTOS DO CONCELLO DE MUROS PARA A TEMPORADA ESTIVAL NA CAMPAÑA DENOMINADA “VEN E PROBA” (do 1 de xullo de 2024 ao 31 de agosto de 2024)

Exposición de Motivos

Un dos obxectivos do Concello de Muros é a revitalización da praza de abastos municipal. Nesta liña, a **campaña “Ven e proba”** ten por obxecto poñer os postos da praza que se atopan baleiros a dispor dos comerciantes potencialmente interesados en ocupalos en réxime ordinario perante a correspondente concesión administrativa.

A posta a dispor temporal que é obxecto desta campaña ten por finalidade que durante o período de tempo que dure a campaña Ven e proba (do 1 de xullo de 2024 ao 31 de agosto de 2024), ditos potenciais interesados poidan testar se a actividade comercial a desenvolver no espazo da praza de abastos municipal se axusta ás súas necesidades e lles resulta potencialmente rendible.

Trátase con esta campaña, xa que logo, de poñer en marcha por parte do Concello de Muros unha acción de fomento da actividade económica local que asemade sirva para a promoción da ocupación en réxime de concesión, a convocar no futuro inmediato, dos espazos da praza de abastos municipal que se atopan baleiros na actualidade.

1. Obxecto

O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións temporais de ocupación do dominio público dos postos baleiros do mercado de abastos do Concello de Muros na temporada estival (do 1 de xullo de 2024 ao 31 de agosto de 2024).

2. Réxime xurídico

Esta convocatoria réxese polo previsto nestas bases; para o non previsto nelas, estarase ao disposto na normativa vixente contida en:

- As normas de aplicación plena e básica da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, en diante LPAP (Lei 33/2003 do 3 de novembro) e o seu Regulamento de desenvolvemento (RLPAP, Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto)
- As disposicións básicas en materia de bens locais establecidas na Lei Reguladora das Bases do Réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, LBRL) e do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (RDL 781/1986, do 18 de abril, TRRL)
- Nas disposicións non básicas sobre patrimonio local, especialmente polo establecido no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (en diante RBEL)
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia
- Nas ordenanzas municipais aplicables



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Aplicaranse, no seu caso, os principios da contratación pública establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, e a súa normativa de desenvolvemento (Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto non sexan derogadas por esta LCSP).

Terase en conta tamén o disposto na normativa sanitaria e nas disposicións en materia de defensa de consumidores e usuarios.

Supletoriamente aplicaranse as demais normas de dereito administrativo e na súa falta as de dereito privado.

3. Emprazamento dos postos do mercado baleiros

O número de postos que se poñerán a dispor dos interesados/as nesta convocatoria é de 6, 4 no andar baixo e 2 no primeiro andar. Cada un dos locais ocupa unha superficie aproximada de 12 metros cadrados, e os mesmos atópanse en perfecto estado de uso. Durante a vixencia das autorizacións para a ocupación e uso dos espazos que se outorgarán, o Concello de Muros farase cargo das subministracións de luz e auga correspondentes aos mesmos.

4. Solicitudes, prazos e presentación

4.1. Capacidade dos comerciantes

O exercicio da actividade comercial poderá exercerse por toda persoa física ou xurídica que se dedique á actividade do comercio polo miúdo, con plena capacidade de obrar, que non estean incursas en ningunha das prohibicións do artigo 71 da Lei 9/2017 do 8 de Novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) en relación co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) e acrediten a súa solvencia económica, financeira e profesional nos termos sinalados nestas bases.

A capacidade de obrar acreditarase:

- a) Canto a persoas físicas, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Canto a persoas xurídicas, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

A proba, por parte dos solicitantes, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar, realizarase mediante a presentación da Declaración Responsable (recollida como anexo destas bases) indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e a achega dos correspondentes Certificados da TGSS e a AEAT.

A solvencia económica, financeira e profesional acreditarase mediante a ALTA no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) e estar ao corrente do pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

Deberase estar dado de ALTA no réxime da Seguridade Social que corresponda e ao corrente no pago das cotizacións. Os prestadores procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e de traballo.

4.2. Lugar, presentación e contido das proposicións

A solicitude e documentación deberán presentarse como segue:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

O prazo de presentación de solicitudes será de **8 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación das presentes bases na sede electrónica do Concello de Muros.**

A solicitude, presentada pola persoa interesada, xunto coa documentación requirida no punto 4.1 destas bases, presentárase nas oficinas do rexistro do Concello de Muros, segundo o modelo que se achega a estas bases como anexo.

Dita solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) No caso de persoas físicas: os cidadáns españois, copia do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte. Non caso de cidadáns da Unión Europea deberán presentar copia do número de identificación de estranxeiros (NIE). Non caso de cidadáns de terceiros países, deberán presentar copia do número de identificación de estranxeiros e ou permiso de traballo que corresponda.
- b) Non caso de persoas xurídicas: documentos que acrediten a personalidade xurídica da persoa interesada (escritura de constitución da empresa) e, no seu caso, a súa representación.
- c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar coa Administración, segundo anexo destas bases.
- d) Certificados de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social.
- e) A documentación acreditativa do cumprimento da normativa de manipulación de alimentos.
- f) Póliza de responsabilidade civil que cubra o risco de danos a terceiros, que estea en vigor á data de inicio da tempada, e cunha vixencia que cubra como mínimo, polo menos, a tempada prevista nestas Bases.
- g) Xustificante de pago da póliza correspondente a este seguro.

Serán causas de exclusión do procedemento as seguintes:

- Que o solicitante se ache incurso en algunha das prohibicións para contratar previstas na vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Que non se ache ao corrente a respecto das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A estes efectos, o Concello de Muros verificará polos seus propios medios que o solicitante non ten débedas fiscais co mesmo ao momento de presentar a súa solicitude.

5. Criterios de valoración

Presentárase unha memoria describindo a actividade a desenvolver no posto.

A selección dos comerciantes que participarán nesta campaña levarase a cabo perante un procedemento de concorrencia competitiva, no que se puntuarán as súas solicitudes en base ao seguinte baremo:

- Por exercer a actividade de venda polo miúdo de produtos de alimentación: 10 puntos.
- Por exercer a actividade de venda polo miúdo de outros produtos distintos aos produtos de alimentación: 5 puntos.
- Por estar o/a comerciante solicitante empadroadado no Concello de Muros, ou por ter, no caso de entidade mercantil, o seu enderezo social no Concello de Muros: 5 puntos.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

No suposto de que sexa preciso, os desempates de puntuación entre os participantes resolveranse perante sorteo, que será público. A efectiva asignación de un concreto posto aos participantes que resulten seleccionados, así mesmo, efectuarase perante sorteo público.

A ocupación temporal dos postos adxudicarase por orde de prelación e en base á puntuación obtida por cada solicitante. Cubertos os postos polos comerciantes que obteñan as maiores puntuacións, os seguintes pasarán a integrar unha lista de agarda.

O Concello expedirá a favor dos comerciantes seleccionados a correspondente autorización para a ocupación temporal dos postos, consonte ao disposto na normativa vixente (Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais).

6. Réxime económico

Consonte ao disposto no artigo 82.5 da Lei 33/2003, as autorizacións a outorgar neste procedemento serán a título gratuíto, dado que aínda que a utilización privativa do dominio público, neste caso, leva potencialmente aparelhada unha utilidade económica, a mesma resulta incerta máis aló do mero risco empresarial, ao tratarse de espazos actualmente baleiros por inexistencia de comerciantes interesados na súa explotación mercantil.

7. Revogación por razóns de interese público

O Concello resérvase a facultade de deixar sen efecto a autorización, antes de cumprirse o prazo polo que se outorga, se así o xustifican causas sobrevidas de interese público debidamente xustificadas, sen dereito a ningunha clase de indemnización.

Así mesmo, de conformidade co previsto no art. 92.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

8. Responsabilidade. Risco e ventura

O titular da autorización asume a plena e exclusiva responsabilidade de cantos danos puidesen derivarse da actividade, tanto para as persoas usuarias dos postos como para terceiros en xeral, así como nos bens públicos ou privados. A autorización demanial entenderase sempre concedida a risco e ventura para as persoas autorizadas, sen que estas poidan solicitar alteración das condicións, nin indemnización algunha, nin sequera nos supostos de forza maior. Tampouco terán dereito a indemnización algunha por extinción da autorización ao cumprirse o prazo de vixencia destas, nin cando se produza a revogación por interese público, contempladas nas cláusulas anteriores destas bases.

9. Obrigas dos comerciantes autorizados para a ocupación temporal dos postos

Ademais das obrigacións de carácter xeral establecidas pola normativa vixente como na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, especificamente imponse aos titulares da autorización as seguintes obrigacións:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións en tal réxime.
- c) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- d) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- e) Satisfacer as taxas e os tributos fixados nas correspondentes ordenanzas municipais.
- f) Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, si tratácese de persoas estranxeiras.
- g) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- h) Dispor de seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade.
- i) Desenvolver a súa actividade comercial nos postos nos exactos termos que se especifican nestas bases.
- l) Manter en todo momento os postos que se lles adxudiquen en perfecto estado de uso e en condicións hixiénicas e de ornato óptimas.
- m) Empregar o mobiliario e o equipamento dos postos coa debida dilixencia, evitando causarlle danos.
- n) Desenvolver a súa actividade comercial con criterios non discriminatorios cara aos clientes, velando en particular por prestarlle a debida atención á infancia, ás persoas da terceira idade, e ás persoas con diversidade funcional.
- o) Proceder ao desaloxo dos postos ao momento de finalizar a vixencia das autorizacións, deixando os mesmos en condicións de limpeza e orde.

10. Incumprimentos

Considerarase incumprimento toda acción ou omisión por parte da persoa autorizada que supoña a vulneración das obrigacións establecidas nas bases polos que se rexe esta convocatoria e demais normas de xeral aplicación.

O incumprimento das anteditas obrigas, así de como calquera outras das que se especifican nestas bases constituirá causa suficiente para que por parte do Concello, e previa audiencia do/da interesado/a, se proceda a revogar a autorización outorgada. O Concello de Muros resérvase, en calquera caso, o exercicio das reclamacións económicas que procedan en caso de que se lles cause aos postos ou ao seu mobiliario e aparellos algún tipo de dano por parte dos comerciantes.

Muros, 18 de xuño de 2024

A alcaldesa,

María Lago Lestón